

## **CAMPAÑA DE GALEGUIZACIÓN DO COMERCIO O NOSO VENDE, NADAL 2012**

### **CONCURSO DE ESCAPARATES E DECORACIÓN DE NADAL**

A campaña de dinamización do comercio local, O NOSO VENDE, iniciada en decembro de 2011, continúa este ano cunha nova actuación, aproveitando o incremento da actividade comercial coa chegada do Nadal.

O NOSO VENDE é un proxecto de dinamización comercial e lingüística que pretende incidir na sensibilización sobre o uso da lingua galega no comercio local, para ampliar os espazos de uso e para estimular a actividade do comercio redondelán. Está promovido polo *Servizo de Normalización Lingüística e Radio Redondela*, dependentes da Concellería de Cultura, a Concellería de Desenvolvemento Local e a *Asociación de Empresarios de Redondela*.

Neste Nadal o programa continúa a súa andaina coa convocatoria do II **Concurso de escaparates de Nadal** no comercio redondelán, que incidirá na promoción dos produtos que ofrecen a través do uso da lingua galega e na elaboración de escaparates atractivos para a clientela.

Na preparación do seu escaparate os comercios participantes **deberán incluír algún lema específico** para motivar a súa clientela a que merque os seus produtos, e implica que os establecementos poñerán a súa publicidade, os rótulos e os prezos, así como os carteis de descontos, ofertas especiais ou bos desexos para as festas, tanto dentro coma fóra do local, **en lingua galega**.

Para levar adiante esta promoción contarán coa colaboración do SNL que corraxirá, traducirá ou asesorará as súas propostas.

Redondela, 12 de decembro de 2012